

PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

INTRODUCCIÓN

A seguinte programación enmárcase no Plan Xeral de Atención a Diversidade para dar resposta á atención á diversidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Unha das funcións principais, como mestra especialista en PT, será a intervención directa con este tipo de alumnado para favorecer ao máximo os procesos de ensino – aprendizaxe.

Os referentes polos cales levo a cabo esta programación son a fundamentación legal vixente Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado e a orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve dito decreto, os principios pedagóxicos-didácticos e as características do alumnado do centro.

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

O CRA Raíña Aragonta está formado por un centro base con sete unidades e sete aulas máis nas parroquias próximas que funcionan como unitarias (Fontán, Budiño, Entenza, Barreiro, San Xurxo, Picoña e Soutelo), sumando un total de 192 alumnos e alumnas. Entre eles existen diversas necesidades educativas entre as que podemos atopar alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociadas a Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), con trastornos na linguaxe, retraso madurativo e dificultades de aprendizaxe.

OBXECTIVOS DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- Favorecer o proceso de inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar na elaboración de plans de traballo individualizados para dito alumnado.
- Observar e avaliar os progresos dos nenos/as.
- Coordinarse cos titores, especialistas e apoios para levar a cabo un plan conxunto e coherente de atención ás necesidades.
- Favorecer unha boa coordinación e transmisión de información coas familias

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO DA AULA DE P.T.

Os obxectivos que se pretenden conseguir, a nivel xeral, cos alumnos/as con N.E.A.E. son:

- Integrar aos alumnos/as na dinámica escolar da aula e do centro.
- Desenvolver a autonomía persoal.
- Fomentar as habilidades de comunicación mediante calquera tipo de sistema de comunicación (oral, imaxes, signos)
- Traballar a psicomotricidade fina e grosa.
- Desenvolver as bases das destrezas instrumentais (coordinación óculo-manual, percepción, atención, esquema corporal, lateralidade, memoria visual e auditiva)
- Iniciación ao cálculo matemático e a lecto-escritura
- Control das emocións e da conduta.

METODOLOXÍA

Levarase a cabo unha metodoloxía baseada na motivación e participación do alumno/a, nos seus intereses e nos principios de xogo e actividade.

Tenderase a adquisición de aprendizaxes significativas, construtivas e a xeneralización das mesmas a outros ámbitos fóra do escolar.

As actividades primeiramente serán dirixidas polo mestre ata acadar o éxito para paulatinamente retirar a axuda e que os alumnos/as as realicen sos.

Usaranse diversos tipos de agrupamento, dependendo da actividade que se vaia a realizar, priorizando agrupamentos de alumnado da mesma idade.

Terase en conta ademais o proxecto do centro que este ano son os debuxos animados para que as actividades teñan relación coas que se fan nas aulas de referencia.

AVALIACIÓN

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial de cada alumno/a baseada na observación directa, na información aportada pola familia na entrevista inicial e nos informes de cursos anteriores. Dita avaliación servirá como punto de partida no proceso de apoio.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos propostos. Servirá para adecuar a axuda pedagóxica e terá un carácter personalizado.

Trimestralmente informarase nas sesións de avaliación dos progresos dos alumnos/as e entregarase un informe individualizado de avaliación para as familias.

Ao final do curso realizarase un informe explicativo das aprendizaxes traballadas ao longo do ano, e do grao de adquisición das mesmas por parte do alumno/a, deixando recollidas as propostas de cara ao vindeiro curso, principalmente do alumnado de 6º de Educación Infantil que termina etapa.